



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ORDEN TERCERA FRANCISCANA SEGLAR DE FERROL PARA A RESTAURACIÓN DO BELÉN DE FIGURAS EN MOVEMENTO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Orden Tercera Franciscana Seglar de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Orden Franciscana Seglar de Ferrol para a restauración do belén de figuras en movemento, obra orixinal do artista Alfredo Martín.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Segundo.- A Fraternidade da Orden Franciscana Seglar de Ferrol forma parte dunha orde relixiosa que se rexe polos seus documentos constitutivos aprobadas polo Papa.

Terceiro.- O belén da Orden Terceira Franciscana, obra do artista local Alfredo Martín, é un belén con máis de 300 figuras articuladas, que supón unha obra mítica con máis de 70 anos de vida, sendo unha das máis coñecidas tradicións navideñas ferrolás e atraendo a





miles de visitantes, tanto da comarca de Ferrolterra como do resto de Galicia e España, converténdose nunha extraordinaria obra de arte que forma parte da memoria colectiva dos ferroláns. As figuras, as construcións orientais, os xogos de auga e luz negra, encaixan ata conformar unha obra de arte única que tivo, a sigue a ter, unha ampla repercusión nos medios de comunicación rexionais e nacionais.

Cuarto.- A Axencia está interesada en apoiar á Orden Franciscana Seglar na restauración do seu Belén Artesanal, por ser unha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística ferrolana e galega.

Que a través deste convenio, outórgase á Orde Franciscana Seglar unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

